



As TICtorías en resposta á raia dixital no ensino obrigatorio no concello de Ribadavia

REVISTAGALEGA
DE EDUCACIÓN
PUBLICACIÓN DE NOVA ESCOLA GALEGA

ISSN: 1132-8932

Páx. 25-27

José A. Sarmiento Campos

sarmiento@uvigo.es

Margarita Vázquez Rodríguez

ies.ribadavia@edu.xunta.es

Portal Chao Domínguez

ies.ribadavia@edu.xunta.es

Universidade de Vigo

IES O Ribeiro-Ribadavia

PROEMIO

A relación establecida na actualidade entre a titoría no ensino obrigatorio e as Tecnoloxías da Información e da Comunicación (TIC), configura un verdadeiro modelo tecnolóxico de intervención titorial? Como enfronta un centro educativo concreto este binomio titoría-TIC?

A resposta á primeira cuestión resulta ser un paradoxo. A maior parte do persoal docente posúe as competencias necesarias e suficientes para as TIC dentro da súa intervención titorial, pero non é quen de situarse conceptualmente nun verdadei-

ro modelo tecnolóxico. Tamén, na medida que as actuais persoas egresadas das facultades de educación accedan á docencia, a idea do modelo tecnolóxico caducará en favor dun modelo dixital, con natureza de paradigma, con novas estruturas de pensamento e cunha elevada compoñente cultural e de rede.

Neste espazo de transición dende o tecnolóxico ao dixital, nos centros educativos do concello de Ribadavia onde se imparte o ensino obrigatorio, xorden como resposta as accións TICtoriais.

A CUESTIÓN DA INMIGRACIÓN DIXITAL. O XURDIMENTO DA RAIÁ

A fenda dixital, para nós fronteira ou raia dixital, xorde pola coexistencia de dúas xeracións, a das persoas nativas e as inmigrantes dixitais (Prensky, 2001; Prensky & Berry, 2001), ou de dúas culturas (Buckingham, 2007). Son nativas dixitais as persoas que naceron e se formaron utilizando unha sorte de "linguaxe dixital" baseada nas novas tecnoloxías. Por outra banda, aquela poboación cuxa linguaxe de nacemento e formación foi pre-dixital e baseada predominantemente na lecto-escritura, agora ten que acceder de súpeto á nova linguaxe, pero faino como inmigrante que chega a un novo país e ten que adaptarse a unha nova cultu-

ra, de aí o termo de inmigrante dixital. A maior parte do profesorado actual situaríase nese grupo. As estruturas mentais de nativos e inmigrantes son diferentes, máis simultáneas as dos primeiros e sucesivas as dos segundos.

Nos centros educativos a presenza desta fronteira confórmasse como elemento propio e característico nos procesos E-A entre suxeitos dunha poboación arraiana dixital. É neste contexto onde o profesorado titor, inmigrante dixital, ten que desenvolver a súa intervención tutorial perante alumnado (nativo dixital), familias (inmigrantes e nativos dixitais) e docentes (inmigrantes dixitais), xurdindo así a opción de combinar accións tutoriais "convencionais" con ou-


tras baseadas nas TIC, denominadas accións TICtoriais.

ACCIÓNS TICTORIAIS

Estas accións desenvolvidas dende os centros educativos de educación obrigatoria en Ribadavia, toman pulo a partir do plan de acción tutorial e plan de orientación, contratos-programa para a mellora da calidade educativa, plans de formación permanente do profesorado, plan Proxecta, proxecto Abalar e Abalar móbil.

Nesta cultura dixital arraiana, e dende hai algúns cursos, as accións TICtoriais nas etapas obrigatorias fanse realidade do seguinte xeito:

1º.- Coordinación e colaboración entre tutores/as e titor/a e profesorado a través de correo electrónico, aula virtual do cen-





tro, Google forms para xestionar información de alumnado, Google calendar para coordinar exames, plataformas para compartir arquivos como Dropbox ou Google Drive, programas para envío masivo de SMS, e redes sociais como Telegram e WhatsApp.

2º.- Funcións administrativas, burocráticas e co centro desenvolvidas case exclusivamente a través das ferramentas telemáticas da Administración Educativa: Xade, Abalar e aula virtual dos centros educativos.

3º.- Funcións coas familias de información, coñecemento, cooperación e implicación a través de aplicacións como Abalar móbil e de envío masivo de SMS, así como do uso das redes sociais e a páxina web dos centros.

4º.- Funcións co alumnado de xeito individual e grupal, que aglutinan a maior parte de actividades TICtoriais, e recursos entre os que destacan:

1. Informar e coñecer a través de cuestionarios na aula virtual do centro, utilizando o móbil de xeito didáctico con aplicacións de aprendizaxe móbil electrónica, como sistemas titoriais intelixentes, mobilelearning tipo Kahoot! e mediante o uso do encerado dixital interactivo, partindo da premisa de que as TIC favorecen a aprendizaxe autónoma.

2. Solicitar apoios mediante redes sociais a outros profesionais e servizos comunitarios.

3. A orientación académica e profesional a través de internet,

a páxina web do centro, a aula virtual, introducindo tamén tecnoloxías como a realidade virtual inmersiva ou semiinmersiva, para explorar opcións académicas.

4. Procesos de mediación e integración a través de tecnoloxías audiovisuais, dende o deseño, gravación e edición, ata a proxección, análise e debate.

Como conclusión pódese dicir que nesta cultura tecnolóxica-dixital arraiana previa ao modelo que derive da incorporación das persoas nativas como docentes, as accións TICtoriais gañan terreo a outras máis convencionais e ao mesmo tempo están a crear novos espazos, algúns virtuais (Alcázar & López, 2011), onde desenvolver a intervención titorial a través de novas correntes tecnolóxicas, como a realidade aumentada, virtual, a gamificación e a AI, e metodolóxico-conceptuais como o flippedlearning.■

REFERENCIAS

- ALCÁZAR, M. J. R., & LÓPEZ, F. J. M. (2011). Estrategias y metodología frente al desarrollo de una acción formativa virtual: una propuesta práctica con alumnado en Educación Secundaria. *Espiral. Cuadernos del profesorado*, 4(8), 4.
- BUCKINGHAM, D. (2007). *Beyond Technology: Children's Learning in the Age of Digital Culture*. Cambridge: Polity Press.
- PRENSKY, M. (2001). Digitalnatives, digitalimmigrantspart 1. *Onthehorizon*, 9(5), 1-6.
- PRENSKY, M., & BERRY, B. D. (2001). Do theyreallythinkdifferently. *Onthehorizon*, 9(6), 1-9.